



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de abril de 2023 (1432/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e vinte e cinco minutos do día vinte e catro de abril de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (RA. 24/04/2023), por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(287).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(288).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN PATROCINIO PUBLICITARIO PARA CELEBRAR UN CONCERTO INTERNACIONAL NO ESTADIO DE BALAIÓDOS EN XUÑO DE 2023. EXPTE. 9713/335.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 24/04/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Festas e o concelleiro-delegado de Área , que di o seguinte:ç

### **1.- ANTECEDENTES**

Con data 3 de abril de 2023 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación dun patrocinio publicitario dun concerto internacional a celebrar no estadio de Balaídos en xuño de 2023. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con datas do 03/04/2023 e 19/04/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 3 de abril de 2023.
- Memoria económica, de data 20 de abril de 2023
- Documento económico, de data 21 de abril de 2023
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 19 de abril de 2023
- Memoria xustificativa, de data 24 de abril de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da NON división do contrato lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando gastos xerais e o beneficio industrial.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
  - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
  - Se establece como tarefa crítica que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP) a actuación musical por tratarse de prestacións personalísimas.
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).



## Concello de Vigo

- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 24 de abril de 2023
- Prego de cláusulas administrativas do 24 de abril de 2023

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do **contrato dun patrocinio publicitario dun concerto internacional a celebrar no estadio de Balaídos en xuño de 2023**.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 19 de abril de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 24 de abril de 2023 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **1.891.946,12 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **1.563.591,84** con cargo as aplicacións orzamentaria do exercicio 2023.

- A cantidade de **691.946,12 euros** á aplicación 3380.226.0904 (PATROCINIO CONCERTOS) do programa orzamentario de Festas
- A cantidade de **1.200.000,00 euros** á aplicación 9120 2279903 (MARCA VIGO), do programa órganos de goberno da Alcaldía.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Abel Losada Álvarez.

O SEGUNTO TTE. DE ALDALDE (RA. 24/04/2023)  
Francisco Javier Pardo Espiñeira.